



Sr./a. director/a do centro:

O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios (*DOG do 4 de abril*) establece, na súa disposición transitoria, que mentres non se desenvolva o decreto mantense a vixencia da Orde do 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios **no que non se opoña ao mesmo.**

Por outro lado, en virtude do recollido nos artigos 127 e 132 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (redaccións modificadas pola LO 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), unha vez avaliada polo consello escolar e aprobada pola dirección do centro, a conta de xestión do orzamento remitirase á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Esta xustificación consistirán nunha certificación, segundo o modelo que se facilitará, na que figuren, por unha parte, os **fondos recibidos da Consellería Cultura, Educación e Universidade e demais ingresos obtidos**, e doutra, os gastos realizados con cargo aos citados ingresos, así como o saldo que resulte, no seu caso.

Co fin de unificar o modelo da conta de xestión do orzamento que se someterá á avaliación do consello escolar e aprobación da dirección, deberase empregar **aplicación informática** en entorno web ([xecocentros](#)) –estará dispoñible a partir do 21 de decembro de 2020– que permite facer constar todos os ingresos que o centro puidera percibir, de acordo co previsto no artigo 5 do decreto, e os gastos realizados con cargo a tales ingresos, así como, **o saldo resultante, no seu caso, que se incorporará ao exercicio 2021.**

O prazo para realizar esta xustificación remata o 31 de xaneiro de 2021.

Deberanse ter en conta as cuestión que se sinalan a continuación:

As **partidas finalistas** recibidas da Consellería Cultura, Educación e Universidade (tales como as destinadas para a adquisición de fondos documentais para a biblioteca, as de mobiliario e equipamento para a biblioteca, clubs de lectura, etc.) requirirán, ademais, unha xustificación individual, de xeito que se farán constar os ingresos, os gastos, e o remanente específico que se incorpora ao ano 2021, de ser o caso. Para estes efectos deberán crear na aplicación tantas partidas finalistas como ingresos finalistas reciban da consellería.

Ademais, esixirase unha **xustificación individual** como partida finalista dos **gastos de funcionamento** (dentro da que se incluírán os do Fondo Social Europeo e os destinados ás actuacións derivadas da pandemia da COVID-19) e os centros que reciban ingresos da





Consellería Cultura, Educación, Universidade para o comedor escolar deberán cubrir obrigatoriamente outra xustificación individual relativa aos **comedores escolares**.

Os fondos recibidos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, deberanse recoller no apartado a.7) Fondos recibidos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, xa que este departamento depende actualmente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Unha vez cuberta toda a información na aplicación, deberase xerar o informe de xustificación en formato pdf, asinalo, selalo e envialo á **Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade** da provincia, dentro do prazo indicado.

Se precisaran cambiar algún dato non deben facelo a man, deben volver a entrar na aplicación, facer os cambios oportunos e **xerar de novo todas as páxinas da xustificación**

Ademais, os centros incorporarán coa xustificación unha **certificación bancaria das súas contas, co saldo a 31 de decembro de 2020**. Se o saldo das contas bancarias non coincidira co remanente que se incorpora (por ter pendentes de cargar en conta pagos correspondentes ao ano 2020, recibir ingresos correspondentes ao ano 2020 no mes de xaneiro 2021 ou calquera outra circunstancia) deberán aclarar a que se debe no espazo que a aplicación destina á **conciliación bancaria**.

O importe do apartado h) do estado de ingresos de 2020 (remanentes do exercicio anterior) debe coincidir co importe sinalado como remanente na xustificación do ano 2019.

Esta información, tamén estará dispoñible no portal educativo da consellería, no apartado de gastos de funcionamento, a través do enlace <http://www.edu.xunta.es/web/xecocentros>.

Para calquera aclaración ao respecto poden poñerse en contacto coas habilitacións das Xefaturas Territoriais desta consellería.

Asinado dixitalmente por
Jesús Manuel Álvarez Bértolo
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

